



CERTIFICADO

Adrián J. Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos (A Coruña)

CERTIFICO o acordo que deseguido transcribo:

<< A Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, na sesión Ordinaria do xoves 8 de agosto de 2024, aprobou o seguinte ACORDO:

ASUNTO: Proposta de adjudicación do contrato “mercados sostibles: subministración de elementos potenciadores do mercado”, lotes 1 e 2.

EXPEDIENTE: 2023/C005/000003

ANTECEDENTES:

1.A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o xoves día 30 de maio do 2024 prestou aprobación ao expediente de contratación de sumnistración de elementos potenciadores do mercado, aprobando os pregos administrativos e técnicos e convocando a licitación do proxecto en cinco lotes:

- Lote 1: Mobiliario urbano e paneis.
- Lote 2: Casetas/postas de venda.
- Lote 3: Sinaléctica urbana.
- Lote 4: Sinaléctica téxtil.
- Lote 5: Packaging/embalaxes.

2.O día 04.06.2024, publicase o anuncio de licitación, presentándose á licitación do lote nº 1 e 2 a empresa **Globalia Urbanismo Integral S.L., ofertando únicamente para os lotes 1 e 2.**

3.A Mesa de Contratación, reunida en 1º acto, o día 21.06.2024, procede ao descifrado e apertura do arquivo A, da única empresa que se presenta á licitación, para os lotes 1 e 2 e que resulta admitida ao presentar o documento europeo de declaración responsable DEUC. No mesmo acto a Mesa procede ao descifrado e apertura do arquivo B, no que a citada empresa presentou unha memoria técnica para los lotes 1 e 2, acordando a Mesa que dita documentación sexa examinada polo arquitecto municipal para comprobar que se axusta ao establecido no prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexen a contratación.

Por outra banda, a vista de que os lotes 3, 4 e 5 queda desertos, a Mesa conclúe que a licitación por separado pode beneficiar ás empresas licitadoras, polo que propón que se adapten os pregos e se proceda a súa licitación por separado.

4.A Mesa de Contratación, reunida en acto nº 2 a Mesa toma en consideración o informe elaborado polo arquitecto municipal, no que sinala que a proposta realizada para o lote 1 e lote 2, pola empresa Globalia Urbanismo Integral S.L., adaptase integramente ao establecido no PPT. A vista de que no informe non se lle outorga puntuación algunha, a mesa acorda puntuar as ofertas con 30 puntos.

A secretaria da Mesa procede ao descifrado e apertura do arquivo C, que ofrece as seguintes ofertas:

-Lote 1: Elementos de mobiliario urbano

*Oferta económica: 368.388,00 € + 77.361,48 € (IVE); TOTAL: 445.749,48 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

*Reducción do prazo de entrega: a empresa oferta 25 puntos

*Ampliación do prazo de garantía: a empresa oferta 10 puntos

-Lote 2: Stands/postos de venta

*Oferta económica: 45.388,00 € + 9.531,48 €; TOTAL: 54.919,48 €

*Reducción do prazo de entrega: a empresa oferta 25 puntos

*Ampliación do prazo de garantía: a empresa oferta 10 puntos

Visto que a empresa non aclara os días que oferta de reducción do prazo de entrega, nin aclara os meses que amplía o prazo de garantía; aínda que se presupón; a Mesa acorda requerir á empresa Globalia Urbanismo Integral S.L., para que aclare a oferta que pretende realizar.

5. No acto nº 3 da Mesa de Contratación celebrado o día 02.07.2024, analiza a aclaración realizada por Globalia Urbanismo Integral S.L., no que sinala, para os lotes 1 e 2:

<<-Que se ofrece reducción en el plazo de entrega de los suministros en 25 días sobre el plazo fijado en el cuadro de características del pliego de cláusulas administrativas, que es de 5 meses.

- Que se ofrece ampliación del plazo de garantía de los bienes suministrados en 10 meses sobre el plazo fijado en el cuadro de características del pliego de cláusulas administrativas, que es de 36 meses.>>

A Mesa outorga á empresa Globalia Urbanismo Integral S.L, a seguinte puntuación

	Puntuación B	Puntuación oferta económic	Puntuación red prazo entreg	Puntuación ampl prazo gart	Puntuación total
Lote 1	30	35	25	10	100
Lote 2	30	35	25	10	100

A Mesa realiza proposta de adjudicación, á empresa Globalia Urbanismo Integral S.L, e acorda requerirle á documentación que especifican ás cláusulas 19 e 20 do PCAP, para os lotes 1 e 2.

6. O día 17.07.2024, co nº de rex de entrada 202499900003969, a empresa Globalia Urbanismo Integral S.L presenta a documentación requerida e deposita as seguintes garantías definitivas:

-Lote 1: Mobiliario urbano e paneis: 18.419,40€

-Lote 2: Casetas/postas de venda: 2.269,40€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

7. Consta no expediente o informe de fiscalización favorable, emitido pola interventora municipal o día 22.07.2024, no que lembra que o importe total da subvención concedida ascende a 1.461.852,00€ para o total do proxecto e que existe unha parte considerable pendente de tramitar e vistos os importes que suporía para o orzamento municipal, advírtese por esta Intervención a importancia de cumprir cos prazos dende un punto de vista económico-financeiro.

LEXISLACIÓN:

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

-Os artigos 28, 99 a 102, 116, 117, 122, 124, 131 a 159, Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Decimoquinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

-O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.

-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

-A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común,

-A Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

-A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

CONSIDERACIÓNS:

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato, para os lote nº 1 e nº 2, "Mercados sostibles: subministración de elementos potenciadores do mercado", á empresa Globalia Urbanismo Integral S.L, con CIF B24572554 e domicilio fiscal en León, rúa Joaquín López Robles, nº 4 Baixo., coas seguintes características:

-Lote 1: Elementos de mobiliario urbano

*Prezo do contrato: 368.388,00 € + 77.361,48 € (IVE); TOTAL: 445.749,48 €

*Prazo de entrega dende a sinatura do contrato: 4 meses y 5 días

*Prazo de garantía: 46 meses



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE ECONOMÍA, COMERCIO
Y EMPRESA

SECRETARÍA DE ESTADO
DE COMERCIO



Concello de
Betanzos

-Lote 2: Stands/postos de venta

*Prezo do contrato: 45.388,00 € + 9.531,48 €; TOTAL: 54.919,48 €

*Prazo de entrega dende a sinatura do contrato: 4 meses y 5 días

*Prazo de garantía: 46 meses

SEGUNDO.- Nomear responsable do contrato á técnica municipal de xestión Elena Encinas Pena.

TERCEIRO. Aprobar o gasto, por un importe de 500.668,96€ que para este Concello representa a contratación de referencia con cargo á partida correspondente do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

CUARTO. - Notificar a presente resolución aos interesados e emprazar á adxudicataria para a formalización do contrato e publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días e comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato por medios electrónicos.

En Betanzos a 7 de agosto do 2024

A alcaldesa
María Barral Varela
.>>

E para que conste para os efectos oportunos, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no senso de que o borrador da acta da sesión mencionada non se someteu aínda á aprobación, e a reserva dos termos que resultan desta, expido e asino este certificado co visto e praxe da alcaldesa, dona María Barral Varela.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés